

# dossier

19 · 20 · 21 novembro 2020

encontro  
bibliotecas  
escolares  
de Galicia

2020  
*na rede*



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

CAFÉ  
centro autónomo  
de formación e innovación



galicia



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA

Xoves · 19/11/20

⌚ 17:30

**INÉS DUSSEL****“A Biblioteca Escolar diante dos retos do 2020”**

Investigadora titular do DIE- CINVESTAV de México desde 2012 e membro do Sistema Nacional de Investigadores de México.

Naceu en Delaware, USA, pero creceu en Arxentina. Formouse en Ciencias da Educación na Facultade de Filosofía e Letras, Universidade de Buenos Aires. Fixo o seu mestrado en Ciencias Sociais en FLACSO/ Arxentina e o seu doutoramento na Universidade de Wisconsin- Madison. Entre os anos 2001 e 2008 dirixiu a área Educación de FLACSO/Arxentina, onde coordinou varios proxectos de investigación, de formación docente e de producción de materiais didácticos sobre desigualdade e educación, e sobre novas tecnoloxías nas aulas. Foi Bolseira da Fundación Spencer (USA), DAAD e Georg-Eckert Institute (Alemaña), CNPq (Brasil) e Universidade de Buenos Aires (Arxentina). Obtivo a Bolsa Dyason da Universidade de Melbourne para realizar unha estadía académica en Australia en 2014. En 2017 incorporouse como académica á International Academy of Education. En 2018 obtivo o Premio Alexander von Humboldt á súa traxectoria académica, outorgado pola Humboldt Stiftung de Alemaña.

Os seus temas de interese son as teorías pedagóxicas e a socioloxía histórica do currículum e a escola. No últimos quince anos, vén traballando nas políticas e pedagogías da imaxe e os novos medios dixitais na educación, a través de investigacións, propostas de formación virtual, producción de materiais didácticos e revisión de políticas educativas e curriculares.

Escribiu dez libros, compilado catro, e publicado máis de 160 artigos e capítulos de libros en medios recoñecidos internacionalmente. Ten ditado conferencias e cursos na Universidade de Paris 8, Universidade de Luxemburgo, Universidade de Tampere (Finlandia), Universidade de Melbourne, Universidade Complutense de Madrid, Universidade de Granada, Universidade de Girona, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Valladolid, Universidade de Wisconsin- Madison, PUC-Sao Paulo, UDESC e UNESP (Brasil), Universidade Nacional Autónoma de México, Universidade Pedagóxica Nacional de México, Universidade Autónoma Metropolitana- Iztapalapa, Universidade ARCIS (Chile), Universidade Nacional de La Plata e Universidade Nacional de Córdoba (Arxentina), entre outras.

Xoves · 19/11/20

⌚ 19:00

**ANA GONZÁLEZ LARTITEGUI****«Do libro informativo ao álbum de non-ficción: un salto cuántico»**

*As edicións actuais de non-ficción rompen os estándares do libro informativo aos que estabamos afeitos para adoptar formatos novos, más sedutores e desafiantes. Estas mutacións son froito dos novos paradigmas do coñecemento, da divulgación e das pedagogías activas, entre outras cuestións; o que as converte nunha valiosa ferramenta para fomentar a alfabetización informacional na escola.*

Ana G. Lartitegui ilustra libros para nenos e nenas desde o ano 1989.

A súa obra «La carta de la señora González» foi Premio Mejor Libro na Feria del Libro de México, no ano 2000. Polas ilustracións de «El libro de la suerte» recibiu o Premio Euskadi de Ilustración no 2015 e tamén o premio ao Mejor Libro Juvenil 2016, no Banco del Libro de Caracas.

Dinamiza actividades de promoción do libro, a lectura e a formación de mediadores LIX en Pantalia Proyectos Culturales desde 2004. Dirixe as edicións de divulgación e ensaio de Pantalia Publicaciones: as coleccións «Cuadernos Hexágono» e «Biblioteca Líjera». Desde 2012 é xefa de redacción da revista observatorio sobre literaturas gráficas *Fuera [de] Margen*.

Ademais, imparte cursos e conferencias; tamén escribe artigos e investiga sobre ilustración e libro álbum.

# encontro bibliotecas escolares de Galicia 2020 na rede

Venres · 20/11/20  17:00



## GEMMA LLUCH

### **“Que sabemos sobre a lectura no 2020? Como a pensamos desde a Biblioteca Escolar?”**

O 23 de marzo de 2019 celebrouse en Compostela unha Xornada Técnica sobre a Biblioteca Escolar na que participamos expertos e representantes das CC.AA. presentes na Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares e do Ministerio. Como resultado desta reunión de traballo, identificáronse catro desafíos concretos para a biblioteca escolar 2020.

Na conferencia centrarémonos no terceiro deles: concibir a biblioteca escolar como mediadora das lecturas no centro e situala no centro neurálgico das políticas públicas centradas na lectura en todos os formatos e para todas as finalidades.

Para conseguilo, en primeiro lugar, revisaremos os últimos estudos sobre a lectura; centrándonos na lectura en papel e en pantallas e o marco metodolóxico de PISA 2018 e, en segundo lugar, faremos propostas de actuación que nos axuden a incluir a lectura e a biblioteca escolar como elementos transversais nos currículos das diferentes materias e etapas.

É Catedrática da Universitat de València no Departament de Filologia Catalana da Facultat de Filologia, Traducció i Comunicació. Obtivo a distinción de Doutora en Filoloxía e Premio Extraordinario de Doutoramento. Imparte docencia no grao de Filoloxía Catalana e en diferentes másteres.

Publicou máis de 100 traballos de investigación, contabilizando artigos, capítulos de libros e monografías. Destacamos os publicados en revistas indexadas e o enderezo e participación en proxectos de investigación e en contratos con institucións públicas e privadas, que pode consultarse en: <http://www.gemmalluch.com/esp/quien-soy>

Venres · 20/11/20  18:00



## INÉS MIRET

### **“As bibliotecas escolares de Galicia 2005-2020. Principais achegas e retos para os anos 20 do século XXI”**

Socia fundadora de NETURITY, empresa especializada en proxectos dixitais en lectura, libro e bibliotecas. Desenvolveu máis de cincuenta iniciativas en distintos países: España, Arxentina, Chile, México, Uruguai (*Biblioteca Solidaria*), Colombia (*Plan Nacional de Lectura y Escritura*), Brasil e Portugal.

Foi coordinadora do grupo de expertos en lectura e bibliotecas da Organización de Estados Iberoamericanos (OEI), cuxa participación se fraguou na publicación “Lectura y bibliotecas escolares”. O seu máis recente iniciativa é Laboratorio Emilia de Formación, que se apoia nunha rede de especialistas de primeiro nivel procedentes de trece países de América Latina, España, Portugal e Italia.

Na súa traxectoria profesional, colaborou, entre outras, con institucións como a Biblioteca Nacional de España, a Biblioteca Nacional de Colombia, Círculo de Lectores (Bertelsmann), CERLALC, Federación de Gremios de Editores de España, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, Fundación Residencia de Estudiantes, Ediciones Siruela, Fundación SM, Grupo Anaya, Fundación Santillana, Editorial Castillo/ MacMillan, Ministerio de Cultura (España) e Ministerio de Educación e Ciencia (España), así como o Ministerio de Educación de Colombia, de Chile, Secretaría de Educación Pública de México e a ANEP de Uruguai.

Na súa liña de investigación sobre bibliotecas e sociedade en rede, dirixiu dez proxectos, parte deles en colaboración con tres universidades españolas integradas no programa Campus de Excelencia Internacional: a Universidade de Barcelona, a Universidade Complutense de Madrid e a Universidade Autónoma de Madrid. Así mesmo colaborou con ASCUN, que reúne a todas as universidades públicas e privadas de Colombia.

Formou parte do *Grupo de Trabajo sobre Alfabetización Informacional* do Consello de Cooperación Bibliotecaria e foi responsable da liña de estudio de bibliotecas escolares no *Estudio del impacto social y económico de las bibliotecas*.

É membro do Consello Asesor da Revista de Educación (Ministerio de Educación); durante dez anos foi codirectora de revista *Textos de Didáctica de la Lengua y la Literatura* (Graó) da que actualmente é membro do seu consello asesor, e forma parte do equipo asesor de *Aula de Innovación Educativa* (Graó). É socia de Acción Educativa e de Educación Abierta.

# encontro bibliotecas escolares de Galicia 2020 na rede

Venres · 20/11/20  18:00



## MÓNICA BARÓ

**"As bibliotecas escolares de Galicia 2005-2020. Principais achegas e retos para os anos 20 do século XXI"**

É licenciada en Historia, diplomada en Biblioteconomía e Documentación, doutora en Documentación e postgrauada en Edición.

Traballou nas bibliotecas escolares, primeiro como profesional, e logo como divulgadora. Neste campo publicou distintos artigos e obras:

- *Formar-se per informar-se. La integració de la biblioteca a l'escola*. Ed. 62/RosaSensat.
- *Bibliotecas escolares, ¿para qué?* Anaya, 2001.
- *Las bibliotecas escolares en España. Análisis y recomendaciones*, FGSR, 2005.
- *Bibliotecas escolares entre comillas. Estudio de casos: buenas prácticas en la integración de la biblioteca en los centros educativos*. MEC/FGSR, 2010.
- *Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes? Herramienta de autoevaluación. Preguntas e indicadores para mejorar la biblioteca*. MEC/ FGSR, 2011.
- *Las bibliotecas escolares en España. Dinámicas 2005-2011*, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte/FGSR, 2013.

Como asesora do Programa *Puntedu de biblioteques escolars* del Departament d'Ensenyament de la Generalitat de Catalunya, participou na recente edición das *Directrius i estàndards per a les biblioteques dels centre educatius de Catalunya*, de 2013.

Simultaneamente, dedicouse ao estudo da edición de libros infantís no século XX, que foi obxecto da súa tese de doutoramento (*Las ediciones infantiles y juveniles de Editorial Juventud, 1923-1969*).

Venres · 20/11/20  19:00



## MARÍA JOSÉ MASANET

**"Da lectura á producción audiovisual. Como aproveitar as competencias transmedia dos adolescentes nos contextos formais"**

Nesta conferencia exploraremos as competencias transmedia dos adolescentes, centrándonos especialmente nas competencias de producción audiovisual. Traballaremos a partir das aprendizaxes informais dos adolescentes e as posibilidades que estes nos brindan no contexto da biblioteca escolar e, especialmente, para a lecto-escritura. Falaremos de diferentes niveis de producción, facendo unha taxonomía dos produtores adolescentes: casuais, aspiracionais e expertos. O obxectivo é traballar a partir dos seus intereses e coñecementos. Para iso, necesitamos coñecer as súas competencias transmedia.

É Licenciada en Comunicación Audiovisual e Doutora en Comunicación Social pola Universitat Pompeu Fabra, onde traballou ata hai uns meses. Agora traballa na Universitat de Barcelona, como Profesora Lectora Serra Húnter no Departamento de Biblioteconomía, Documentación i Comunicació Audiovisual.

Nos últimos anos ten realizado e vai realizar estadías formativas en diferentes universidades do mundo, dende Venezuela ata Australia, pasando por París ou Luxemburgo.

Recentemente pasou tamén por catorce dos nosos IES PLAMBE ofrecendo unha interesante charla sobre "mitos románticos, violencia de xénero e estereotipos nas series de adolescentes".

# encontro bibliotecas escolares de Galicia 2020 na rede

Venres · 20/11/20  19:00



## LUCAS RAMADA PRIETO

**"Isto non vai de libros: Ficción dixital infantil e xuvenil e educación literaria"**

Que é a ficción dixital? Como se expresa? Como dialoga coa mente infantil? Nesta charla un especialista sobre formas dixitais de ficción para nenos, nenas e rapaces, levarános da man para percorrer aquelas ideas e obras que son fundamentais para comprender con maior precisión esta nova forma de expresión artística. Combinando a explicación conceptual e a exemplificación a partir de textos concretos, preténdese que os asistentes profundicen máis na comprensión e entendemento deste rico campo cultural co que poder adentrarse de maneira máis solta e cómoda no seu desfrute e exploración.

Lucas Ramada é investigador e doutor internacional especializado en estética da ficción dixital infantil e xuvenil e a súa relación coa educación artística e literaria dos nenos, nenas e adolescentes. Dedícase principalmente á formación de docentes, bibliotecarios e mediadores culturais para integrar esta forma de arte dentro das súas prácticas profesionais, ademais de divulgar o seu coñecemento na primeira canle de Instagram en español dedicada a este tema: "Esto No va de Libros".

É membro colaborador do grupo de investigación GRETEL da Universitat Autònoma de Barcelona, xurado do premio de cultura dixital da Feira do Libro de Bolonia (2020) e traballou con múltiples institucións internacionais de renome, coma o CERLALC-UNESCO, a Electronic Literature Organization, o laboratorio Emilia, o Centre de Cultura Contemporánea de Barcelona ou a Secretaría de Cultura de México.

Sábado · 21/11/20  10:15



## JAVIER PÉREZ IGLESIAS

**"Se non puedo bailar, esta non é a miña biblioteca"**

Hai moitas cousas que nos unen a todas as bibliotecas, por riba da institución á que pertenezamos, e é o compromiso coa aprendizaxe, a investigación e o desfrute. Na charla farase un repaso das estratexias que se foron desenvolvendo, desde a Biblioteca da Facultad de Bellas Artes da UCM, para crear porosidades na institución, para conseguir que a vida entre na biblioteca e que esta lle devolva a aquela, brillo e alegría.

Javier Pérez Iglesias é bibliotecario.

A súa actividade profesional estivo sempre relacionada cos procesos de aprendizaxe, o uso público da información, o papel social da lectura, o acceso libre ao coñecemento, a xestión cultural e o mundo editorial.

Estivo involucrado, así mesmo, en cooperación universitaria e científica para o desenvolvemento, no proxecto "Educación y Biblioteca", no apoio á docencia e á investigación en medios académicos así como en iniciativas que traballan por unhas bibliotecas inclusivas e comprometidas.

"Desde outubro de 2013 leo, escribo, programo talleres e coordino actividades na Biblioteca da Facultad de Bellas Artes UCM".

Máis información sobre actividades e publicacións en: <https://goo.gl/iUkH2W>, e tamén en:  
<http://www.directorioexit.info/ficha604>

# encontro bibliotecas escolares de Galicia 2020 na rede

Sábado · 21/11/20  11:15



## SUSANA PEDREIRA e MERCEDES CORBILLÓN

**“Entre micros e libros. A radio tamén pode ser lectora”**

A radio é unha ferramenta perfecta para o fomento da lectura; a través da conversa podemos achegar a un amplio número de persoas información sobre os libros, as súas autoras e autores, coñecemento do mundo editorial e libreiro, ademais de transmitir coa palabra e a música a paixón por un título. Unha recomendación lectora a través da radio pode contaxiar a quen escoita as ganas por ler ese libro do que se fala.

Ademais, a radio permite saír do estudio para instalarse alí onde están os libros. Explicaremos a experiencia dun programa de radio desde unha librería, un centro de ensino ou unha biblioteca. Falaremos de como construir un espazo radiofónico cos libros como protagonistas:

- A importancia do ton
- as voces expertas convidadas
- a lectura previa dos libros
- entrevistas coas autoras/autores
- a música para a creación do ambiente
- a selección de fragmentos para compartir
- a perspectiva de xénero

**Susana Pedreira Buján** é xornalista. Licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), comezou traballando en comunicación empresarial e institucional. No ano 2010 incorpórarse á redacción de Onda Cero en Galicia.

Dirixe e presenta o programa local diario “Máis de Un Pontevedra” desde hai dez anos. En setembro de 2015 asume a coordinación do programa “Gente Viajera de Galicia”, magazine semanal centrado no turismo, ocio, cultura e gastronomía. Ademais, desde 2016 forma parte da programación nacional de Onda Cero co programa “Un alto en el camino”, catro horas de directo nas mañás da fin de semana que cada verán se emite desde Pontevedra para todo o Estado.

É co-fundadora do congreso "As mulleres que opinan son perigosas". En marzo de 2018 e 2019 celebráronse as dúas primeiras edicións no Teatro Principal, convertendo a Pontevedra durante dous días na capital do xornalismo de opinión con sinatura de muller. O foro conseguió ser Trending Topic nacional nas redes.

Web: <https://www.ondacero.es/programas/un-alto-en-camino/> Twitter: @SuPedre

**MerceDES Corbillón** é Diplomada en Graduado Social pola USC. Despois de anos traballando no sector inmobiliario promoveu no 2009 a Librería Cronopios en Pontevedra, a que dirixe en colaboración cos seus irmáns coa intención de consolidarse como un espazo onde vivir a literatura. En 2013 continuou o proxecto cultural coa apertura de Cronopios Santiago.

Colabora semanalmente con Susana Pedreira en Onda Cero Pontevedra no espazo patrocinado. Comparte con ela un programa de libros chamado *Lecturas en la Maleta en Un Alto en el Camino*, de difusión nacional, onde relacionan libros con cidades.

Tamén colaborou na Ser e actualmente cada luns fala de libros en EsRadio Galicia.

Escribe eventualmente artigos no Fugas de La Voz de Galicia.

Participou como xurado en distintos premios literarios como o premio Alfaguara, o Xerais ou o Torrente Ballester. No 2019 iniciou a súa andadura como editora baixo o nome de Señora de Provincias [@senhorade provincias](#)